



**NOTIFICACION de ACORDO da XUNTA de GOBERNO LOCAL**

**Poño no seu coñecemento que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 19 de Agosto de 2014, adoptouse o acordo seguinte:**

- **ADXUDICACION DO CONTRATO DE EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2014.**

**ANTECEDENTES:**

**Visto** que o Concello solicitou unha subvención a través da Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproba: as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG número 115, do 16 dexuño) e Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se publica o acordo do Consello de Dirección do 23 de decembro de 2008 polo que se modifican as bases reguladoras para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG número 15, do 22 de xaneiro).

**Visto** que pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar), comunícase Resolución, na que se concede para realización da obra denominada "Equipamento para biosaludables e parladorios de Silleda - Anulidade 2014" (Expediente L13-41300-22-0093) unha subvención do seguinte xeito:

Orzamento aceptado	51.451,51 €			
% Axuda	50%			
Importe da axuda	25.725,76 €	Distribución por fondos		
		FEADRE	75,00%	19.294,32 €
		AXE	12,13 %	3.120,53 €
		AGADER	12,87 %	3.310,90 €






O importe da axuda distribuirase en anualidades do seguinte xeito:

ANO	% SUBVENCIÓN	TOTAL	IMPORTE
2014	60,58%		15.585,66 €
2015	39,42 %		10.140,10 €
TOTAL			25.725,76 €

**Visto** o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de suministro, por procedemento negociado denominado "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2014"

**Visto o expediente tramitado**, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local de 16/08/2014, acordou :

-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado, do Contrato de suministro por importe de 32.155,20 € máis IVE "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2014" e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

- **VISTO** que se solicitaron ofertas as seguintes empresas:

Endenor

Ansemil, nº 27  
36.546 - Silleda (Pontevedra)

Construcciones Arean S.L.

Parque Empresarial Área 33, parcela 10A  
36.540 - Silleda (Pontevedra)

Baygar

Ande (Rubianes) - Apdo. 105  
36619 - Villagarcía (Pontevedra)





**Examinouse** a proposta técnica e económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente toda a documentación e se fixo a cualificación e valoración das plicas con este resultado:

EMPRESA	C.Técnicas	Prazo Garantía	Oferta Económica	Instalación	TOTAL
BAYGAR	20	13,33	10	0	<b>43,33</b>
ENDENOR	20	20	9,66	5	<b>54,66</b>

Á vista do exposto a Mesa de Contratación formulou a proposta de adxudicación a ENDENOR S.L.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

### RESOLVE

**Primeiro.-** Adxudicar o contrato de "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2014" a empresa ENDENOR S.L

"Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2014". ENDENOR S.L	<b>Prezo adxudicación : 37.847,47 €, IVE incluído (6.568,57 €) coAs melloras que constan na súa oferta.</b>
---	---

O prezo de adxudicación é de **37.847,47 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

**Segundo.-** Requiritr ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no o art. 140 LCSP.

**Terceiro.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

SILLEDA a 20 de Agosto de 2014



O SECRETARIO

Manuel Quintaris Queiruga





RECURSOS: Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer o recurso potestativo de reposición no prazo de UN MES diante do Concello de SILLEDA, a contar dende o día seguinte a notificación, e se interpón este recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Tamén pode interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de DOUS MESES contados a partir do día seguinte á data de notificación do presente acordo.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se lle notificara a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte daquel en que se produza a súa desestimación presunta.

Todo iso sen prexuízo de que poderá utilizar calquera outro recurso que estime convinte.

SILLEDA a 20 de Agosto de 2014

O SECRETARIO



Manuel Quintans Queiruga

**NOTIFICACION A:**

Endenor

Ansemil, nº 27  
36.546 - Silleda (Pontevedra)

Construccion Arean S.L.

Parque Empresarial Área 33, parcela 10A  
36.540 - Silleda (Pontevedra)

Baygar

Ande (Rubianes) - Apdo. 105  
36619 - Villagarcía (Pontevedra)